

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN OURENSIVIDADE E CENTRO MÉDICO “EL CARMEN”

Ourense, 01 de Abril de 2024

REUNIDOS

Dunha parte Cristina Conde Rodriguez (Vicepresidenta 1º) en representación de D. Pablo García Vivanco con DNI 32659731 F, presidente da Asociación **OURENSIVIDADE**, con CIF número G44727139, e con enderezo na rua Doutor Fleming 53 baixo, 32002 Ourense.

E doutra, María José López Otero con DNI 33348430V (Directora Adjunta a la Gerencia de Centro médico El Carmen, en representación de David Morante Sueiro con NIF: 34900205M, Director Gerente de Centro médico El Carmen CIF: A32013385, con enderezo Avda. Habana 50-52-71, 32004, Ourense.

Ambas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste Convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que ambas as dúas entidades consideran de interese común promover a cooperación e a colaboración no estudio da lonxevidade e alimentación saudable (dieta atlántica) na provincia de Ourense.

SEGUNDO.- Que é desexo de ambas as dúas institucións a subscripción dun convenio marco de colaboración que sente as bases para compartir coñecementos e experiencias

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'Cristina Conde Rodriguez'.A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'David Morante Sueiro'.

no sector da lonxevidade e alimentación saudable, realizando charlas relacionadas coa epixenética na provincia de Ourense (alimentación, costumes, medio ambiente, termalismo, etc.).

Por isto, acordan subscribir este convenio marco de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste convenio consiste en regular a colaboración entre a **OURENSIVIDAD** e Centro Médico **“EL CARMEN”**.

SEGUNDA.- O propósito deste convenio é realizar actividades e charlas en forma conxunta en todo tipo de asuntos que resulten de interese para as institucións que representan.

TERCEIRA.- As actividades a realizar estarán encamiñadas ao fomento do coñecemento no campo da lonxevidade e dietas atlántica con produtos de proximidade, na provincia de Ourense, e concretamente a aspectos que resulten de interese para as institucións que representan as partes, entre os cales están os seguintes obxectivos:

- 1.- Concienciación sobre a importancia dos hábitos saudables na provincia de Ourense como alternativa para un medio rural vivo e sostible.
- 2.- Colaboración en charlas, conferencias, etc.. a persoas na provincia de Ourense co propósito de dar información sobre as costumes, tradicións e hábitos saudables relacionados coa vida no rural na provincia de Ourense.
- 3.- Orientación sobre alternativas alimentarias e de costumes nun sector que nestes momentos comeza a ser moi importante na provincia de Ourense.



CUARTA.- Para a execución destes obxectivos partirán propostas a iniciativa de **OURENSIVIDAD** e de Centro Médico "**EL CARMEN**". Entre as accións a levar a cabo estarán:

1.- Realización de charlas divulgativas.

2.- Convidar a realización de eventos e soportes audiovisuais para a promoción da alimentación saudable na provincia de Ourense.

QUINTA.- A celebración deste convenio marco non supón gasto algún para ningunha das partes asinantes, polo que non precisa consignación orzamentaria.

SEXTA.- Este convenio empezará a producir os seus efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha duración dun curso lectivo ordinario, podéndose prorrogar automaticamente.

SÉPTIMA.- Son causas de resolución:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- 2.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído o período de prórroga establecido no mesmo.
- 3.- O acordo unánime dos asinantes.
- 4.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
- 5.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 6.- Por calquera das causas contempladas na normativa da universidade sobre o contido do convenio.




OITAVA.- No caso de que calquera das partes decida denunciar este convenio, deberá anunciálo á outra con, polo menos, tres meses de antelación. As partes conveñen que, non obstante o anterior, os proxectos específicos e actividades que, de ser o caso, se estivesen desenvolvendo no momento de declararse a terminación deste convenio, continuarán desenvolvéndose ata a súa total conclusión baixo as bases que orixinariamente se acordaron.

NOVENA. O incumprimento de calquera das obrigas contraídas por este convenio por unha das partes, facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa realizado.

DÉCIMA.- As partes poderán modificar este documento en calquera momento de mutuo acordo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Os acordos que se reflicten neste convenio, e nos específicos que se asinen, terán sempre carácter administrativo e non se derivarán deles, en ningún dos casos, dereitos ou obrigas de carácter laboral.

DÉCIMO SEGUNDA.- As cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio, serán resoltas en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. As que non poidan ser resoltas na comisión, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.



E en proba de conformidade, asíñase o presente convenio marco en exemplar por duplicado no lugar e data indicado ao comezo.

Por Centro Médico "EL CARMEN"

Por OURENSIVIDAD

Directora Adjunta a la Gerencia
M^a José López Otero

Vicepresidenta 1^a
Cristina Conde Rodríguez



